| | | |
|---|---|---|
| | **DECLARACIÓN RESPONSABLE**<br>**FESTAS E VERBENAS POPULARES ORGANIZADAS POR:**<br><br>- Agrupacións ou asociacións de veciñas e veciños<br>- Comisións de festas **- Outros** | **REXISTRO** |

| **INTERESADO / A** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| DNI / CIF | NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL | | | | |
| RÚA / LUGAR | PARROQUIA | NÚMERO | ANDAR | PORTA | |
| CÓDIGO POSTAL | MUNICIPIO | PROVINCIA | TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO | |

| **REPRESENTANTE** | |
|---|---|
| DNI / CIF | NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL |
| TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO |

ACREDITACIÓN DA REPRESENTACIÓN: (riscar o que corresponda)

☐ Posúo un mandato asinado polo Interesado que me habilita a realizar este trámite no seu nome
☐ Figuro como representante no Rexistro Electrónico de Apoderamentos (REA)
☐ Figuro como representante nun poder notarial
☐ Certificado de persoa física en representación de persoa xurídica

| **INFORMACIÓN DO ESPECTÁCULO OU ACTIVIDADE RECREATIVA** | | |
|---|---|---|
| DESCRICIÓN | | |
| LUGAR | DATA | HORA |

| CAPACIDADE | ORQUESTRA | ATRACCIÓNS DE FEIRA / INCHABLES | CARPA | FOGOS DE ARTIFICIO | OUTROS: |
|---|---|---|---|---|---|
| | ☐SI / ☐NON<br>(riscar o que corresponda)<br>En caso afirmativo indicar cantas son: | ☐SI / ☐NON<br>(riscar o que corresponda)<br>En caso afirmativo indicar cantas son: | ☐SI / ☐NON<br>(riscar o que corresponda)<br>En caso afirmativo indicar cantas son: | ☐SI / ☐NON<br>(riscar o que corresponda) | |

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

**DECLARO** baixo a miña responsabilidade que:

- son certos os datos consignados neste documento.
- cumpro todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o exercicio da actividade.
- dispoño da documentación que así o acredita e que a porei a disposición da Administración cando me sexa requirida.
- asumo o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito exercicio.
- dispoño do seguro de responsabilidade civil vixente no momento da celebración da festa, de acordo coa Lei 10/2017 do 27 de decembro, de *espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.*
- achegarei a documentación que figura ao dorso, agás que xa estea en poder ou xa fora elaborada por calquera administración, supostos en que se observará o indicado no artigo 28 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontecesures, a ____ de ________ de 20__

ASINADO:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE PONTECESURES

Os datos persoais achegados polos interesados utilizaranse, con carácter único e exclusivo, para os fins previstos no procedemento ou actuación de que se trate. En ningún caso, os referidos datos serán obxecto de tratamento ou de cesión a terceiros, se non é co consentimento inequívoco do afectado, excepto nos casos e coas condicións previstas na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

**AUTORIZO AO CONCELLO DE PONTECESURES**, conforme á normativa de protección de carácter persoal, á comprobación telemática con outras administacións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas á presente instancia.

**Achégase a documentación indicada** na “disposición adicional cuarta” da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do *empredemento e da competitividade económica de Galicia*.

☐ A **póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio**, prevista na normativa de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, ou a documentación que acredite a súa dispoñibilidade.

☐ O **recibo de pagamento das primas correspondentes** ao período do seguro en curso ou a copia deste.

☐ **A documentación que o/a acredita como representante legal da asociación ou da comisión.**

**EFECTOS:**

- A declaración responsable presentada, en cumprimento dos requisitos, habilita ao/á interesado/a para o exercicio da actividade, o desenvolvemento do espectáculo ou a apertura do establecemento desde a súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección atribuídas á Administración nos termos previstos nos artigos 28 e 29 da lei 10/2017 de espectáculos públicos.

- A inexactitude, a falsidade ou a omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, así como a non presentación da declaración responsable ou da documentación requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das posibles responsabilidades penais, civís ou administrativas. A resolución que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao inicio da actividade, así como a imposibilidade de instar a un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo de entre tres meses e un ano.

- A presentación da declaración responsable non constitúe unha autorización administrativa, senón unicamente a transmisión da información correspondente para os efectos do coñecemento municipal e de posibilitar a intervención mediante o control posterior, sen prexuízo das facultades de inspección.